



CURSO DESEÑO DE PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS EN GALICIA

MODALIDADE:

Mixta (presencial e en liña). As sesións presenciais teñen lugar na Cidade da Cultura de Galicia.

DATAS: Do 9 de abril ao 21 de maio de 2024

DURACIÓN TOTAL: 42 horas



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAI



ASOCIACIÓN GALEGA
DE PROFESIONAIS DA
XESTIÓN CULTURAL



FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA



Deseño de Programacións de Artes Escénicas en Galicia

Co curso "Deseño de Programacións de Artes Escénicas en Galicia", promovido pola Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, en colaboración coa Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC), ponse á disposición do colectivo de profesionais responsables de seleccionar, contratar e exhibir Artes Escénicas, tanto no ámbito público como no privado, unha ferramenta útil para o desempeño do seu traballo. Mellorar os coñecementos profesionais, dotar o colectivo de programadoras/es de recursos para o deseño de programacións de Artes Escénicas, incentivar novos modelos que dean cabida á riqueza e diversidade actual de propostas, propiciar unha relación enriquecedora entre todos os axentes deste ámbito e fomentar a conexión entre Artes Escénicas e públicos, son os obxectivos do curso. Sete sesións e vinte e tres docentes para unha proposta ampla en obxectivos e contidos que xorde co ánimo de cubrir un baleiro formativo e mellorar a oferta de Artes Escénicas en Galicia.

A QUEN VAI DIRIXIDO?

Programadoras/es de Artes Escénicas en concellos, festivais, salas, etc.

Profesionais das Artes Escénicas: compañías e artistas, distribuidoras, etc.

Profesionais da Xestión Cultural.

Estudantes: ESAD, Grao en Xestión Cultural, etc.

MODALIDADE

Mixta (presencial e en liña). As sesións presenciais teñen lugar no Auditorio Xosé Neira Vilas da Cidade da Cultura de Galicia, Santiago de Compostela.

DATAS

Do 9 de abril ao 21 de maio de 2024

DURACIÓN TOTAL

42 Horas

Asistencia mínima obrigatoria para a obtención da certificación: 85% (35 horas). Prazas limitadas, con preferencia para profesionais que se dedican á programación de espectáculos. Inscripción gratuíta en xestoresculturais.gal. Ata o 1 de abril.

SESIÓN 1. MARTES 9 DE ABRIL. PRESENCIAL.

Auditorio Xosé Neira Vilas, Cidade da Cultura de Galicia

10:00h

Presentación do curso con Jacobo Sutil, director da Axencia Galega das Industrias Culturais, e Carlos Lorenzo, presidente da AGPXC.

10:30h

As Artes Escénicas como sistema. Manuel Guede

- **Contidos:** Papel e responsabilidade da programación dos espazos escénicos na definición, creación e consolidación dun sistema de Artes Escénicas propio, que contribúa á autoidentificación social.

11:30h **Descanso**

12:00h

O texto teatral. Santiago Cortegoso

- **Contidos:** O texto teatral como punto de partida do espectáculo / Procesos da escrita teatral / A adaptación de textos para o teatro / Autores e autoras no teatro galego contemporáneo / Certames galegos para textos teatrais.

13:00h

Xéneros en danza. Paula Quintas

- **Contidos:** A diversidade na tipoloxía de linguaxes da danza / A relación das artes do movemento con outras Artes Escénicas.

14:00h **Peche sesión da mañá**

16:00h

O sistema escénico galego. Diego Vázquez Meizoso e Paula Quintas

- **Contidos:** Características das compañías profesionais galegas / As empresas escénicas / Asociacións profesionais / Os convenios colectivos / A formación / A precariedade profesional / Externalización da escena galega / A escena galega en relación a outras comunidades e Europa / Actuais liñas estratéxicas e expectativas de futuro / A relación dos programadores co resto do sistema / O teatro, a danza e o circo nas redes e circuitos / Premios e festivais / Opcións de financiamento / Galicia Escena Pro.

18:00h **Descanso**

18:30h

Historia da danza en Galicia. Afonso Becerra

- **Contidos:** As raíces da danza en Galicia / Artistas e compañías pioneiras / Principais referencias na difusión da danza en Galicia.

19:30h **Peche sesión**

SESIÓN 2. MARTES 16 DE ABRIL. EN LIÑA.

16:00h

Historia do teatro galego. Inma López Silva

- **Contidos:** A presenza de teatro nas salas de Galicia / As primeiras iniciativas de representar teatro en galego / As xeracións de autores galegos de teatro do século vinte / O nacemento do teatro profesional en Galicia / Principais referencias do teatro galego (autores, actores e actrices, directores/as...) / Principais referencias na promoción do teatro en Galicia / O papel das mostras e festivais / Compañías pioneiras / O teatro galego fóra de Galicia.

17:30h **Descanso**

18:00h

Os xéneros teatrais. Inma López Silva

- **Contidos:** Diferentes xéneros teatrais: características e particularidades / Os xéneros máis comúns no teatro galego.

19:00h

A dirección teatral. Fefa Noia

- **Contidos:** Os procesos da dirección / Aspectos da obra definidas pola dirección / O traballo de dirección con actores e actrices / Directores e directoras galegas contemporáneas.

20:00h **Peche sesión**

SESIÓN 3. MARTES 23 DE ABRIL. EN LIÑA.

16:00h

O Centro Dramático Galego (CDG) como referente do teatro galego. Fran Núñez

- **Contidos:** O papel do CDG / Influencia no sistema teatral galego / O modelo de coproducións do CDG e os seus resultados / Estratexias de futuro.

17:00h

O Centro Coreográfico Galego (CCG) como dinamizador da danza en Galicia. Pilar Portela

- **Contidos:** O papel do CCG na dinamización da danza en Galicia / Estratexias para o fomento da profesionalización da danza e das programacións.

18:00h **Descanso**

18:30h

A mediación na promoción da danza. Kirenia Martínez

- **Contidos:** Recursos e estratexias de mediación / As unidades didácticas / Os públicos obxectivos / As complicitades na mediación / A avaliación dos impactos das mediacións.

19:30h **Peche sesión**

SESIÓN 4. MARTES 30 DE ABRIL. PRESENCIAL.

Auditorio Xosé Neira Vilas, Cidade da Cultura de Galicia

10:00h

A produción dun espectáculo de danza. Marta Alonso

- **Contidos:** As fases e os procesos de produción / Recursos necesarios / Modelos de produción habituais na danza galega / A investigación / Dirección, coreografía / O papel do programador no proceso de produción / Valores de produción / Elenco, vestuario, a música, escenografía, iluminación, atrezzo / A determinación do caché / A distribución.

12:00h **Descanso**

12:30h

A produción dun espectáculo de danza. Marta Alonso

14:00h **Peche sesión da mañá**

16:00h

O espazo escénico. Fran Rei

- **Contidos:** Diversos espazos nos que levar a cabo espectáculos escénicos / Tipos de recintos / Necesidades dos espazos / A relación obra escénica, espazo e público/ Zonas accesorias necesarias (camerinos, zonas de traballo etc).

17:30h **Descanso**

18:00h

Modelos de residencias teatrais. Fran Núñez e Manuel Vieites

- **Contidos:** As residencias teatrais como modelo para o fomento da actividade teatral / O modelo de residencias comarcais impulsado pola Agadic / O modelo de residencias promovido pola ADE (Asociación de Directores de Escena de España).

19:00h **Peche sesión**

SESIÓN 5. MARTES 7 DE MAIO. PRESENCIAL.

Auditorio Xosé Neira Vilas, Cidade da Cultura de Galicia

10:00h

A produción do espectáculo teatral. Artur Trillo

- **Contidos:** As fases e os procesos de produción / Recursos necesarios / Modelos de produción habituais no teatro galego / O papel do programador no proceso de produción / Valores de produción / Elenco, vestuario, deseño do espazo sonoro, escenografía, iluminación, atrezzo / A determinación do caché / A distribución.

12:00h **Descanso**

12:30h

A produción do espectáculo teatral. Artur Trillo

14:00h **Peche sesión da mañá**

16:00h

Os aspectos técnicos dun espectáculo. Miguel Soto

- **Contidos:** Material de iluminación / Material de son / Material de proxección / Maquinaria escénica / Interpretación dun rider técnico / A relación entre profesionais dos espazos e profesionais externos / Necesidades en relación coa produción técnica que deben atender os programadores.

18:00h **Descanso**

18:30h

A coprodución nas Artes Escénicas. Carmen Castro e Belén Pichel

- **Contidos:** Modelos de coprodución en Galicia / Incidencia das coproducións na creación e na distribución / O papel dos concellos e dos festivais na coprodución de espectáculos / Experiencias galegas.

19:30h **Peche sesión**

SESIÓN 6. MARTES 14 DE MAIO. EN LIÑA.

16:00h

O deseño de programación de Artes Escénicas: o caso da danza. Paulo Rodríguez

- **Contidos:** Criterios que definen o deseño dunha programación de artes do movemento / A relación entre a oferta de artes do movemento e as características socioculturais do territorio / Planificación estratéxicas das programacións / A dinamización dos públicos / Avaliación das programacións de artes do movemento / A relación entre programadores e compañías (retroalimentación) / Comunicación.

18:00h **Descanso**

18:30h

A mediación na promoción teatral. María Torres e Gonçalo Guerreiro

- **Contidos:** Recursos e estratexias de mediación / As unidades didácticas / Os públicos obxectivos / As complicidades na mediación / A avaliación dos impactos das mediacións.

19:30h

Aspectos legais na organización de espectáculos. Patricia Hermida

- **Contidos:** Tipoloxía de espectáculos / A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia / Principais aspectos que se ven afectados pola aplicación da lexislación vixente / Autorizacións, trámites, homologacións, seguridade / Exemplos prácticos.

20:30h **Peche sesión****SESIÓN 7. MARTES 21 DE MAIO. PRESENCIAL.****Auditorio Xosé Neira Vilas, Cidade da Cultura de Galicia**

- **Contidos da sesión mañá:** Criterios que definen o deseño dunha programación / A relación entre a oferta teatral e circense e as características socioculturais do territorio / Planificación estratéxica do teatro e do circo no territorio / Planificación estratéxicas das artes do movemento no territorio / Política e Artes Escénicas / A dinamización dos públicos / Avaliación das programacións e dos seus impactos socioculturais / A relación entre programadores e compañías (retroalimentación) / Comunicación / Programación baseada na cooperación comarcal.

10:00h

O deseño de programación de Artes Escénicas: o caso do teatro. Carlos Lorenzo12:00h **Descanso**

12:30h

O deseño de programación de Artes Escénicas: o caso do teatro. Carlos Lorenzo

13:30h

O deseño programación de Artes Escénicas: o caso do circo. Nacho Fungueiriño14:30h **Peche sesión da mañá**

16:00h

O teatro infantil. María Torres

- **Contidos:** Especificidades do teatro para nenos e nenas / Definición das idades recomendadas para os espectáculos / A interacción das obras con nais e pais / Teatro e educación / A formación de espectadores / As funcións escolares.

17:00h **Descanso**

17:30h

A crítica nas Artes Escénicas. Afonso Becerra

- **Contidos:** A crítica en Galicia / A crítica como factor de decisión e promoción das programacións / A relación dos programadores cos medios de comunicación e especialistas / Os premios como valor dun espectáculo.

19:00h **Peche sesión**

Relacion de docentes

Marta Alonso

- Bailarina, actriz, directora escénica e xestora cultural, dirixe a súa compañía homónima.

Afonso Becerra

- Doutor en Artes Escénicas, crítico, dramaturgo e director de escena, dirixe Erregueté (Revista Galega de Teatro) e é docente na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD).

Carmen Castro

- Traballa no departamento de Cultura do Concello de Carballo desde 1997 e exerce como directora artística e coordinadora do FIOT (Festival Internacional Outono de Teatro).

Santiago Cortegoso

- Director, dramaturgo e actor, ten a súa propia compañía, Ibuprofeno Teatro, xunto a Marián Bañobre, e actualmente é presidente de Escena Galega.

Nacho Fungueiriño

- Xestor cultural e distribuidor de Artes Escénicas, forma parte de Culturactiva, cooperativa impulsora de diversos proxectos vinculados co circo.

Manuel Guede

- Autor teatral, foi director do Centro Dramático Galego entre 1991 e 2005 e entre 2012 e 2015.

Gonçalo Guerreiro

- Traballou durante anos como actor e músico en Lisboa antes de exercer como director de escena, escenógrafo, actor e director artístico de Elefante Elegante.

Patricia Hermida

- Avogada, manager e presidenta da Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), é unha das impulsoras de MIM (Mujeres en la Industria de la Música).

Inma López Silva

- Escritora, investigadora e crítica de teatro, docente na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD).

Carlos Lorenzo

- Técnico de Cultura no Concello de Carral, preside a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC).

Kirenía Martínez

- Bailarina, coreógrafa e mediadora cultural, dirixe desde 2023 o festival de teatro, danza e arte en acción Escenas do Cambio.

Diego Vázquez Meizoso

- Xestor cultural e docente, xerente de Escena Galega e coordinador de Camiño Escena Norte.

Fefa Noia

- Autora e directora formada en Teatro de la Abadía, dirixiu o Centro Dramático Galego entre 2016 e 2019 e actualmente é directora adxunta do Centro Dramático Nacional.

Fran Núñez

- Investigador, actor e xestor cultural, dirixe o Centro Dramático Galego desde o ano 2020, co que estrea en 2024 "Manuela Rey is in da house" como director de escena e dramaturxia.

Belén Pichel

- Xefa de produción en Contraproducións, empresa de creación e distribución teatral, e presidiu Escena Galega entre 2015 e 2019.

Pilar Portela

- Coordinadora do Departamento de Música e Danza da Agadic.

Paula Quintas

- Graduada no Conservatorio Trinity Laban en Danza contemporánea e diplomada no National Centre for Circus Arts de Londres, é bailarina, coreógrafa, pedagoga e xestora cultural.

Fran Rei

- Clown e colaborador de diversas compañías teatrais, nos últimos anos especializouse na dirección de espectáculos cómicos.

Paulo Rodríguez

- Director do Teatro Rosalía de Castro da Coruña desde 2011, pertence á directiva da Red Española de Teatros, da que tamén foi presidente entre 2013 e 201

Miguel Soto

- É director da empresa RTA (Recursos Técnicos Artísticos).

María Torres

- Actriz e directora artística da compañía Elefante Elegante Teatro onde creou, interpretou e dirixiu con Gonçalo Guerreiro mais de vinte espectáculos ata hoxe.

Artur Trillo

- Autor, director e intérprete, fundou a compañía Talía Teatro en 1988. Tamén dirixiu a Mostra de Teatro de Cee entre 1988 e 2012.

Manuel Vieites

- Investigador do teatro galego, tamén exerceu de actor e director e dirixiu a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) entre 2005 e 2021.

Organiza: Axencia Galega das Industrias Culturais da Xunta de Galicia
Colabora: Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC)
Dirección curso: Carlos Lorenzo (presidente da AGPXC e técnico de Cultura do Concello de Carral)
Coordinación técnica: Mon Rivas (xerente da AGPXC)

Toda a información e inscricións en xestoresculturais.gal



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



ASOCIACIÓN GALEGA
DE PROFESIONAIS DA
XESTIÓN CULTURAL



FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

